

PROGRAMA	ÁREA / SERVIZO	CÓDIGO	ÁREA TEMÁTICA/ACTUACIÓN
Urbana Santiago Norte	Desenv. Urbano e Sostible Obras e Proxectos	OeP_1461	7_Accesibilidade e Mobilidade
Expediente:	USN-72-200_Reurbanización da rúa CARAMONIÑA_ámbito Rúa Caramoniña e espazo libre do equipamento ASD-26		
Asunto:	Procedemento de licitación das obras (CON/68/2013)_Informe técnico sobre requisitos de solvencia técnica		

Emítese o seguinte informe para dar contestación ao oficio remitido con data de 18 de novembro de 2013 polo secretario da mesa de contratación das obras de referencia, solicitando informe sobre o cumprimento dos requisitos de solvencia técnica das empresas CYS HISPANIA, S.L. e FONTANERÍA RUMBO, S.L.

No relativo á solvencia técnica, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares da licitación establece, dentro do apartado número 4 "Capacidade para contratar", o seguinte:

"4.2.- Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia, ben a través da acreditación dunha clasificación adecuada ao obxecto do contrato, ben a través, no caso da solvencia económica e financeira, dos medios a que se refire o art. 75 da TRLCSP, e, polo que respecta á solvencia técnica, mediante:

1º a relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e

2º o compromiso de adscribir a execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscripción considerase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 223 g) da TRLCSP.

Aos efectos previstos no apartado anterior, os certificados de clasificación ou documentos similares que sexan expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos apuntados no artigo 34 da TRLCSP.

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do concello de Santiago, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente."

Pola súa banda, o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece:

"Artículo 76 Solvencia técnica en los contratos de obras

En los contratos de obras, la solvencia técnica del empresario podrá ser acreditada por uno o varios de los medios siguientes:

a) Relación de las obras ejecutadas en el curso de los cinco últimos años, avalada por certificados de buena ejecución para las obras más importantes, estos certificados indicarán el importe, las fechas y el lugar de ejecución de las obras y se precisará si se realizaron según las reglas por las que se rige la profesión y se llevaron normalmente a buen término; en su caso, dichos certificados serán comunicados directamente al órgano de contratación por la autoridad competente.

b) Declaración indicando los técnicos o las unidades técnicas, estén o no integradas en la empresa, de los que ésta disponga para la ejecución de las obras, especialmente los responsables del control de calidad, acompañada de los documentos acreditativos correspondientes.

c) Títulos académicos y profesionales del empresario y de los directivos de la empresa y, en particular, del responsable o responsables de las obras.

d) En los casos adecuados, indicación de las medidas de gestión medioambiental que el empresario podrá aplicar al ejecutar el contrato.

e) Declaración sobre la plantilla media anual de la empresa y la importancia de su personal directivo durante los tres últimos años, acompañada de la documentación justificativa correspondiente.

f) Declaración indicando la maquinaria, material y equipo técnico del que se dispondrá para la ejecución de las obras, a la que se adjuntará la documentación acreditativa pertinente.

A documentación obrante nos sobres entregados xunto ao oficio (sobres nº 1 – documentación xeral), é a seguinte:

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA SOLVENCIA TÉCNICA PRESENTADA		COMENTARIOS	
CYS HISPANIA	Certificado clasificación	NP	
	Relación obras executadas últimos cinco anos	P	Obras públicas de edificación, reforma e urbanización
	Certificados de boa execución	P	Directamente relacionadas co obxecto do contrato (urbanización/xardinería) Asinados polos técnicos directores das obras
	Compromiso adscrición de medios	P	
	Detalle persoal e técnicos adscritos a obra	P	Inclúe titulación, cargo, currículo e vinculación coa empresa
	Detalle maquinaria	P	Non indica expresamente a súa adscrición á obra
RUMBO	Certificado clasificación	NP	
	Relación obras executadas últimos cinco anos	P	Obras privadas e públicas de edificación, reforma e urbanización
	Certificados de boa execución	P	Directamente relacionadas co obxecto do contrato (urbanización/xardinería) Asinados polos técnicos directores das obras
	Compromiso adscrición de medios	P	
	Detalle persoal e técnicos adscritos a obra	NP	
	Detalle maquinaria	NP	



Á vista da documentación antedita, infórmase o seguinte:

CYS HISPANIA, S.L.

Presenta a documentación esixida nos epígrafes 1º e 2º do punto 4.2. do Prego, polo tanto cumpre cos requisitos de solvencia técnica establecidos no mesmo, se ben compre facer as seguintes puntualizacións:

- Os servizos xurídicos deberán determinar a validez dos certificados de boa execución presentados, toda vez que se trata de certificados non emitidos polas entidades públicas ou privadas promotoras das obras, se non polos técnicos directores de obra (condición por outra banda non acreditada expresamente xunto cos certificados).

FONTANERÍA, S.L.

Presenta a documentación esixida no epígrafe 1º e canto á documentación esixida no epígrafe 2º do punto 4.2. do Prego, non detallando os medios persoais e materiais, polo tanto non cumpre coa totalidade de requisitos de solvencia técnica establecidos no Prego, se ben compre facer as seguintes puntualizacións:

- Os servizos xurídicos deberán determinar se a presentación da documentación referida no epígrafe 1º do prego é condición suficiente para a acreditación da solvencia técnica e, no caso de non ser suficiente, se a non presentación desta documentación é causa de exclusión do procedemento ou ben se pode ser obxecto de subsanación.
- Ademais, e do mesmo xeito que no caso anterior, os servizos xurídicos deberán determinar a validez dos certificados de boa execución presentados, toda vez que se trata de certificados non emitidos polas entidades públicas ou privadas promotoras das obras, se non polos técnicos directores de obra (condición por outra banda non acreditada expresamente xunto cos certificados).

O que se informa segundo a opinión do técnico que suscribe, con arranxo ao seu leal saber e entender, opinión que gustosamente someten a calquera outra mellor fundada.

Santiago de Compostela, a 19 de novembro de 2013:

O Arquitecto Municipal



Asdo.: D. Diego Briega Argomaniz

CÓDIGO EXP	PROGRAMA	ÁREA TEMÁTICA/ACTUACIÓN
PeO_1461	Urbana Santiago Norte	7_Accesibilidade e Mobilidade
Expediente:	USN-72-200_Reurbanización da rúa CARAMONIÑA_ámbito Rúa Caramoniña e espazo libre do equipamento ASD-26	
Asunto:	Procedemento de licitación das obras (CON/68/2013)_Informe técnico sobre as ofertas presentadas	

Redáctase o presente informe por encargo da mesa de contratación do Concello de Santiago correspondente á licitación das obras de referencia, co obxecto de determinar a existencia ou non de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, segundo os criterios establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rixe a licitación.

Ditos criterios son os seguintes:

"Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Cando o órgano de Contratación presuma fundadamente que a proposición non se poida cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación correspondente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que se atopan nos seguintes supostos:

- 1.- Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
- 2.- Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais a outra oferta.
- 3.- Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, exclúirase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.
- 4.- Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais a media aritmética das ofertas presentadas. non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, calcularase unha nova media só coas ofertas que non se atopan no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía."

Á vista dos mesmos e das actas das reunións da mesa, achégase a continuación unha táboa cos datos resultantes da aplicación do procedemento de cálculo antedito:

Nº DE ORDEN	LICITADOR	PRECIO (M.IVA)	TEMERIDAD PRIMERA MEDIA	SEGUNDA MEDIA		
				NECESARIEDAD	LISTADO SEGUNDA MEDIA	TEMERIDAD Art. 85.4 RLCAP
1	ALVAC. S.A.	196.840,83 €	Temeridad		196.840,83 €	Temeridad
2	CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L.	210.481,09 €			210.481,09 €	
3	LA ROSALEDA, S.L.	205.014,05 €			205.014,05 €	
4	TRANSPORTES Y EXCAVACIONES ARINES, S.L.	EXCLUIDA				
5	EXOGA, S.L.	232.595,28 €			232.595,28 €	
6	COSMALCA, S.L.	240.495,87 €			240.495,87 €	
7	PONCIANO NIETO, S.L.	259.083,09 €		Necesaria		
8	GESTAL Y LÓPEZ, S.L.	235.082,78 €			235.082,78 €	
9	CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.	EXCLUIDA				

10	OVIGA, S.L.	235.057,85 €			235.057,85 €	
11	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	222.235,23 €			222.235,23 €	
12	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.	229.315,05 €			229.315,05 €	
13	ESPINA Y DELFÍN, S.L.	185.879,41 €	Temeridad		185.879,41 €	Temeridad
14	F. GÓMEZ Y CÍA, S.L.	189.252,07 €	Temeridad		189.252,07 €	Temeridad
15	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L.	242.463,29 €			242.463,29 €	
16	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L.	242.000,00 €			242.000,00 €	
17	FONTANERÍA PUMBO, S.L.	EXCLUIDA				
18	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	248.477,03 €		Necesaria		
19	CYS HISPANIA, S.L.	220.365,32 €			220.365,32 €	
20	COPCISA, S.A.	213.569,97 €			213.569,97 €	
21	SYR-AMG, S.L.U.	192.166,42 €	Temeridad		192.166,42 €	Temeridad
22	CONSTRUCCIONES Y TÉCNICAS CASAMORE, S.L.	EXCLUIDA				
23	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	249.105,75 €		Necesaria		
24	CANARGA, S.L.	249.842,98 €		Necesaria		
25	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	244.677,43 €			244.677,43 €	
26	ANGEL JOVE, S.A.U.	226.499,52 €			226.499,52 €	
27	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	EXCLUIDA				
28	HORDESCÓN, S.L.	EXCLUIDA				
29	CONTRATAS Y OBRAS PÚBLICAS MECUMA, S.L.U.	191.893,15 €	Temeridad		191.893,15 €	Temeridad

Primera media aritmética ofertas	224.451,89 €	Segunda media aritmética	218.730,77 €
Primer umbral inferior (temeridad)	202.006,70 €	Segundo umbral inferior	196.857,69 €
Umbral superior para segunda media	246.897,08 €		

Polo tanto, teñen a consideración de anormais ou desproporcionadas por resultar inferiores ao umbral inferior (196.857,69 €) as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

ALVAC, S.A.
ESPINA Y DELFÍN, S.L.
F. GÓMEZ Y CÍA, S.L.
SYR-AMG, S.L.U.
CONTRATAS Y OBRAS PÚBLICAS MECUMA, S.L.U.

Canto á xustificación das ofertas, no Prego establécense os seguintes criterios para a apreciación ou non do carácter desproporcionado ou anormal:

"Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adxudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º - *Axeitada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais a pé de obra.*

2º - *Volume de obra xa contratado, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.*

3º - *Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada."*

Pola súa banda, o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece a este respecto, no seu artigo 152, punto 3:

"Cuando se identifique una proposición que pueda ser considerada desproporcionada o anormal, deberá darse audiencia al licitador que la haya presentado para que justifique la valoración de la oferta y precise las condiciones de la misma, en particular en lo que se refiere al ahorro que permita el procedimiento de ejecución del contrato, las soluciones técnicas adoptadas y las condiciones excepcionalmente favorables de que disponga para ejecutar la prestación, la originalidad de las prestaciones propuestas, el respeto de las disposiciones relativas a la protección del empleo y las condiciones de trabajo vigentes en el lugar en que se vaya a realizar la prestación, o la posible obtención de una ayuda de Estado."

Pois ben, revisado o proxecto e realizada consulta sobre a cuestión aos técnicos redactores do mesmo, o técnico que subscribe entende que as xustificacións a presentar polos licitadores deberían cumprir os seguintes requisitos:

1. Documentación relativa á xustificación de prezos:

a) A documentación mínima a incluír debería ser a seguinte:

- Plan de obra, con indicación de actividades e equipos, detallando claramente man de obra (tipo e cualificación profesional de cada traballador coas horas empregadas), maquinaria (tipo de máquina coas horas empregadas) e materiais empregados (con medición). Aportarase cadro resumo final cos totais de horas/traballador, horas/máquina e medición de materiais empregados.
- Orzamento con medicións e xustificación de prezos descompostos.
- Xustificación de custos de man de obra:
 - o Persoal propio: Documentación xustificativa do custo para a empresa de cada traballador.
 - o Persoal subcontratado: Documentación xustificativa do custo de cada traballador e documentación vinculante que xustifique que a empresa poderá dispor de dito traballador o período necesario a prezo determinado.
- Xustificación de custos de maquinaria:
 - o Maquinaria propia: Documentación xustificativa da propiedade da maquinaria.
 - o Maquinaria subcontratada: Documentación xustificativa do custo de cada máquina e documentación vinculante que xustifique que a empresa poderá dispor de dita máquina o período necesario a prezo determinado.
- Xustificación de custos de materiais:
 - o Material propio: Documentación xustificativa da dispoñibilidade e idoneidade do material.
 - o Material a comprar: Documentación xustificativa do custo de cada material e documentación vinculante que xustifique que a empresa poderá dispor de dito material no prazo necesario e a prezo determinado.
- Xustificación de custos indirectos:

- o O porcentaxe de custos indirectos aplicable na descomposición de partidas xustificarse como a suma dos conceptos $k1 + k2$, sendo $k1$ o porcentaxe correspondente a imprevistos (que nunca poderá considerarse inferior ao 1%) e $k2$ o porcentaxe resultante da relación entre custos indirectos e directos = $Ci/Cd \times 100$.

• **Xustificación de Gastos Xerais:**

- o O porcentaxe de gastos xerais a aplicar sobre a suma do orzamento de execución material deberá xustificarse adecuadamente poñendo en relación ditos gastos co volume de facturación previsto para o ano en curso, aportando ademais documentación acreditativa dos gastos e facturación da empresa tanto do ano anterior como do ano en curso.

• **Relación de subcontratos:**

- o Aportarase relación completa de partidas que se prevé subcontratar.

- b) A xustificación de prezos do licitador non poderá modificar as partidas nin a descomposición das mesmas prevista en proxecto, debendo manter as tipoloxías e rendementos de man de obra, maquinaria e materiais, por considerar que xa se encontran perfectamente axustados á realidade das obras proxectadas.

No caso dos prezos de man de obra, maquinaria e materiais, poderá proporse a súa modificación, sempre e cando estea adecuadamente xustificada mediante a documentación indicada no punto a) e sen que en ningún caso, os prezos de man de obra sexan inferiores aos estipulados no vixente convenio colectivo da construción.

Por último e polo que respecta á documentación vinculante xustificativa de que a empresa poderá dispor da man de obra, maquinaria e materiais no prazo/período necesario e a prezo determinado, solicítase informe xurídico sobre cal debe ser exactamente esta documentación a efectos de garantir a veracidade e capacidade de cumprimento real da mesma.

- c) Se ben no caso dos custos indirectos non se establece prohibición para a modificación do porcentaxe previsto en proxecto, sí será obrigatoria a xustificación nos termos indicados no punto a) e non se considerarán en ningún caso viables porcentaxes de custos indirectos por debaixo do 3%. De non xustificarse segundo o procedemento indicado, considerarase o porcentaxe de custos indirectos previstos no proxecto.
- d) Na xustificación dos gastos xerais, de non presentar a xustificación e documentación acreditativa nos termos indicados no punto a), considerarase o porcentaxe de gastos xerais previstos no proxecto (13%). Solicítase en todo caso informe xurídico sobre cal debe ser a documentación acreditativa dos gastos e facturación a efectos de garantir a veracidade da mesma.
- e) Do mesmo xeito e polas mesmas razóns indicadas no punto b), non se considerará viable a redución do prazo de execución (razón, entre outras, pola que non foi incluído como criterio de valoración no propio prego da licitación).
- f) Solicítase tamén informe xurídico sobre se poden aceptarse xustificacións nas que o licitador renuncie ao beneficio industrial.

2. Documentación relativa á xustificación de volume de obra:

- a) Deberán acreditarse as obras actualmente contratadas, indicando tipo de obra, importe, promotor, prazo e lugar de execución, co detalle dos medios persoais e materiais que debe dedicar ás mesmas e posta en relación coas obras obxecto da licitación.
- b) Debería acreditarse igualmente que non ten mais obras contratadas.
- c) Co respecto as acreditacións anteditas, solicítase informe xurídico sobre qué tipo de documentación debe ser exactamente a efectos de garantir a veracidade das mesmas.

3. Documentación relativa á xustificación da solvencia:

- a) Documentación xustificativa da especialización e da experiencia dos medios cos que contará para a execución das obras.

Por todo o exposto, propónse á mesa de contratación, sempre e cando resulte legalmente posible e unha vez resoltas as cuestións xurídicas planteadas, aprobar os requisitos indicados e comunicalos ás empresas que deban pasar o trámite de xustificación de ofertas por terse apreciado o carácter desproporcionado ou anormal das mesmas.

Santiago de Compostela, a 5 de decembro de 2013:

O Arquitecto Municipal



Asdo.: D. Diego Briega Argomaniz

CÓDIGO EXP	PROGRAMA	AREA TEMÁTICA/ACTUACIÓN
P ³ O_1461	Urbana Santiago Norte	7_Accesibilidade e Mobilidade
Expediente:	USN-72-200_Reurbanización da rúa CARAMONIÑA_ámbito Rúa Caramoniña e espazo libre do equipamento ASD-26	
Asunto:	Procedemento de licitación das obras (CON/68/2013)_Informe técnico sobre as xustificacións presentadas polas empresas cuas ofertas foron consideradas anormais ou desproporcionadas	

Redáctase o presente informe para dar contestación ao oficio emitido con data de 14 de xaneiro de 2014 pola Xefe de Servizo de Contratación, co obxecto de avaliar a documentación presentada polas empresas para a xustificación das ofertas que tiveron a consideración de desproporcionadas ou anormais por aplicación dos criterios do prego de condicións da licitación.

No informe técnico anterior, ademais de identificar as ofertas que tiñan a consideración de desproporcionadas ou anormais, se enumeraba unha serie de requisitos sobre documentación e contido mínimo que, dende un punto de vista técnico, deberían esixirse no trámite de xustificación. Como conclusión, propoñíase a aprobación de ditos requisitos pola mesa de contratación e a comunicación dos mesmos ás empresas que tiveran que pasar o trámite de xustificación das súas ofertas, previo comprobación da legalidade da proposta e resolución das cuestións xurídicas planteadas no informe.

Deste xeito, dende o servizo de contratación efectuouse o seguinte requirimento ás empresas en cuestión:

1. Documentación relativa á xustificación de prezos:

a) A documentación mínima a incluír debería ser a seguinte:

- Plon de obra, con indicación de actividades e equipos, detallando claramente man de obra (tipo e cualificación profesional de cada traballador coas horas empregadas), maquinaria (tipo de máquina coas horas empregadas) e materiais empregados (con medición). Aportarase cadro resumo final cos totais de horas/traballador, horas/máquina e medición de materiais empregados.
- Orzamento con medicións e xustificación de prezos descompostos.
- Xustificación de custos de man de obra:
 - o Personal propio: Documentación xustificativa do custo para a empresa de cada traballador.
 - o Personal subcontratado: Documentación xustificativa do custo de cada traballador e documentación vinculante que xustifique que a empresa poderá dispor de dito traballador o período necesario a prezo determinado.
- Xustificación de custos de maquinaria:
 - o Maquinaria propia: Documentación xustificativa da propiedade da maquinaria.
 - o Maquinaria subcontratada: Documentación xustificativa do custo de cada máquina e documentación vinculante que xustifique que a empresa poderá dispor de dita máquina o período necesario a prezo determinado.
- Xustificación de custos de materiais:
 - o Material propio: Documentación xustificativa da dispoñibilidade e idoneidade do material.
 - o Material a comprar: Documentación xustificativa do custo de cada material e documentación vinculante que xustifique que a empresa poderá dispor de dito material no prazo necesario e a prezo determinado.
- Xustificación de custos indirectos:
 - o O porcentaxe de custos indirectos aplicable na descomposición de partidas xustificarase como a suma dos conceptos $k1 + k2$, sendo $k1$ o porcentaxe correspondente a imprevistos (que nunca poderá considerarse inferior ao 1%) e $k2$ o porcentaxe resultante da relación entre custos indirectos e directos = $Ci/Cd \times 100$.
- Xustificación de Gastos Xerais:
 - o O porcentaxe de gastos xerais a aplicar sobre a suma do orzamento de execución material deberá xustificarse adecuadamente poñendo en relación ditos gastos co volume de facturación previsto para o ano en curso, aportando ademais documentación acreditativa dos gastos e facturación da empresa tanto do ano anterior como do ano en curso.
- Relación de subcontratos:
 - o Aportarase relación completa de partidas que se prevé subcontratar.

b) A xustificación de prezos do licitador non poderá modificar as partidas nin a descomposición das mesmas prevista en proxecto, debendo manter as tipoloxías e rendementos de man de obra, maquinaria e materiais, por considerar que xa se encontran perfectamente axustados á realidade das obras proxectadas.

No caso dos prezos de man de obra, maquinaria e materiais, poderá proporse a súa modificación, sempre e cando estea adecuadamente xustificada mediante a documentación indicada no punto a) e sen que en ningún caso, os prezos de man de obra sexan inferiores aos estipulados no vixente convenio colectivo da construción.

- c) Se ben no caso dos custos indirectos non se establece prohibición para a modificación do porcentaxe previsto en proxecto, sí será obrigatoria a xustificación nos termos indicados no punto a) e non se considerarán en ningún caso viables porcentaxes de custos indirectos por debaixo do 3%. De non xustificarse segundo o procedemento indicado, considerarase o porcentaxe de custos indirectos previstos no proxecto.
- d) Na xustificación dos gastos xerais, de non presentar a xustificación e documentación acreditativa nos termos indicados no punto a), considerarase o porcentaxe de gastos xerais previstos no proxecto (13%).
- e) Do mesmo xeito e polas mesmas razóns indicadas no punto b), non se considerará viable a redución do prazo de execución.

2. Documentación relativa á xustificación de volume de obra:

- a) Deberán acreditarse as obras actualmente contratadas, indicando tipo de obra, importe, promotor, prazo e lugar de execución, co detalle dos medios persoais e materiais que debe dedicar ás mesmas e posta en relación coas obras obxecto da licitación.
- b) Debería acreditarse igualmente que non ten máis obras contratadas.

3. Documentación relativa á xustificación da solvencia:

- a) Documentación xustificativa da especialización e da experiencia dos medios cos que contará para a execución das obras.

Revisada a documentación achegada xunto ao oficio (xustificacións das empresas ESPINA & DELFÍN, F. GÓMEZ Y CÍA, SYR-AMG, MECUMA e ALVAC), preséntase a continuación un resumo coas conclusións froito do análise efectuado (documento de análise pormenorizado adxunto ao final do presente informe):

ESPINA & DELFÍN

Presenta unha única folia con aseveracións xenéricas sobre a capacidade da empresa para cumprir a oferta presentada. A inexistencia dun análise detallado do proxecto en cuestión non permite verificar a súa estrutura de custos prevista para o desenvolvemento específico das obras de referencia.

Polo tanto, á vista da documentación presentada, o técnico que subscribe non pode garantir que poida cumprirse a proposición, polo que propónse o mantemento da consideración da oferta como anormal ou desproporcionada.

F. GÓMEZ Y CÍA

A documentación presentada é exigua, co argumentos de carácter xeral aplicables a calquera obra. A inexistencia dun análise detallado do proxecto en cuestión non permite verificar a súa estrutura de custos prevista para o desenvolvemento específico das obras de referencia.

Polo tanto, á vista da documentación presentada, o técnico que subscribe non pode garantir que poida cumprirse a proposición, polo que propónse o mantemento da consideración da oferta como anormal ou desproporcionada.

SYR-AMG

A documentación presentada é exigua, co argumentos de carácter xeral aplicables a calquera obra (de feito, a documentación de xustificación aportada noutro proceso de licitación relativo ás obras de "Vía Verde Bonaval-Almáciga", é a mesma). A inexistencia dun análise detallado do proxecto en cuestión non permite verificar a súa estrutura de custos prevista para o desenvolvemento específico das obras de referencia.

Polo tanto, á vista da documentación presentada, o técnico que subscribe non pode garantir que poida cumprirse a proposición, polo que propónse o mantemento da consideración da oferta como anormal ou desproporcionada.

MECUMA

Presenta bastante documentación tanto xeral como específica da obra. A parte xeral, moi ampla en relación coa parte específica, trátase de documentación aplicable a calquera obra (de feito, a documentación xeral de xustificación aportada noutro proceso de licitación relativo ás obras de "Vía Verde Bonaval-Almáciga", é a mesma). Nembargantes non presenta a totalidade da documentación solicitada e

que considérase a mínima necesaria para poder realizar una avaliación técnica convenientemente fundamentada e nalgún caso detéctanse algunhas incongruencias.

Canto aos orzamentos, ofertas e/ou cartas de compromiso presentadas polas empresas, solicítase informe xurídico sobre a súa validez como acreditación suficiente que garanta o cumprimento da prestación.

En todo caso, independentemente do resultado do devandito informe, e á vista das cuestións non presentadas e/ou non xustificadas, o técnico que subscribe non pode garantir que poida cumprirse a proposición, polo que propónse o mantemento da consideración da oferta como anormal ou desproporcionada.

ALVAC

Presenta bastante documentación a maior parte dela xenérica. A inexistencia dun análise detallado do proxecto en cuestión non permite verificar a súa estrutura de custos prevista para o desenvolvemento específico das obras de referencia.

Polo tanto, á vista da documentación presentada, o técnico que subscribe non pode garantir que poida cumprirse a proposición, polo que propónse o mantemento da consideración da oferta como anormal ou desproporcionada.

Santiago de Compostela, a 22 de xaneiro de 2014

O Arquitecto Municipal



Asdo.: D. Diego Briega Argomaniz

	ESPINA & DELFIN	F. GÓMEZ Y CÍA.	SYR-AMC	MECUMA	AWAC
PLAN DE OBRA					
Plan de obra	NP	NP	NP	P	NP
Relación de actividades e equipos	NP	NP	NP	P	NP
Detalle man de obra	NP	NP	NP	P	NP
Detalle maquinaria	NP	NP	NP	P	NP
Detalle materiais	NP	NP	NP	P	NP
Cadro resumo	NP	NP	NP	P	NP
ORZAMENTO					
Orzamento con medicións	NP	NP	NP	P	NP
Xustificación prezos descompostos	NP	NP	NP	P	NP
CUSTOS MAN DE OBRA					
Personal propio_xustif custo	NP	NP	NP	P	NP
Personal subcontr_xustif custo	NP	NP	NP	NP	NP
Personal subcontr_xustif disposición	NP	NP	NP	NP	NP
CUSTOS MAQUINARIA					
Maquinaria propia_xustif custo	NP	NP	NP	P	NP
Maquinaria subcontr_xustif custo	NP	NP	NP	P	NP
Maquinaria subcontr_xustif disposición	NP	NP	NP	NP	NP
CUSTOS MATERIAIS					
Material propio_xustif disposición	NP	NP	NP	NP	NP
Material propio_xustif idoneidade	NP	NP	NP	NP	NP
Material compra_xustif custo	NP	NP	NP	P	NP
Material compra_xustif disposición	NP	NP	NP	P	NP
CUSTOS INDIRECTOS					
Porcentaxe e xustificación	NP	NP	NP	P	P
GASTOS XERAIS					
Porcentaxe e xustificación	P	P	P	P	P
Acreditación gastos e facturación	NP	NP	NP	NP	NP
SUBCONTRATAS					
Relación de subcontratas	NP	NP	NP	P	NP
OBRAS CONTRATADAS					
Relación obras contratadas	NP	NP	NP	P	P
Detalle medios persoais e materiais	NP	NP	NP	P	P
Acreditación non ter mais obras	NP	NP	NP	NP	NP
SOLVENCIA					
Acreditación especialización	NP	NP	P	P	P
Acreditación experiencia	NP	NP	P	P	P

XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

XUSTIFICACIÓN VOLUMEN OBRAS

XUSTIFICACIÓN SOLVENCIA

CÓDIGO EXP	PROGRAMA	ÁREA TEMÁTICA/ACTUACIÓN
P ³ O_1461	Urbana Santiago Norte	7_Accesibilidade e Mobilidade
Expediente:	USN-72-200_Reurbanización da rúa CARAMONIÑA_ámbito Rúa Caramoniña e espazo libre do equipamento ASD-26	
Asunto:	Procedemento de licitación das obras (CON/68/2013)_Informe técnico de valoración de ofertas	

Redáctase o presente informe co obxecto de avaliar as ofertas presentada segundo os criterios de adjudicación establecidos na cláusula 10.2 do prego de condicións da licitación.

ADMISIÓN PREVIA

Durante a celebración das diferentes mesas de contratación, resolveuse a exclusión das seguintes ofertas por cuestións de solvencia técnica, formais ou de temeridade:

ALVAC, S.A.
TRANSPORTES Y EXCAVACIONES ARINES, S.L.
CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.
ESPINA Y DELFÍN, S.L.
F. GÓMEZ Y CÍA. S.L.
FONTANERÍA RUMBO, S.L.
SYR-AMG, S.L.U.
CONSTRUCCIONES Y TÉCNICAS CASAMORE, S.L.
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
HORDESCÓN, S.L.
CONTRATAS Y OBRAS PÚBLICAS MECUMA, S.L.U.

Deste xeito, as ofertas admitidas son as seguintes:

Nº DE ORDEN	LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA		MELLORAS	
		PRECIO (sen IVE)	BAIXA	AMPLIACIÓN GARANTÍA	AMPLIACIÓN CONT. CALIDADE
2	CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L.	210.481,09 €	23,00%	0,5 anos	3%
3	LA ROSALEDA, S.L.	205.014,05 €	25,00%	0,0 anos	0%
5	EXOGA, S.L.	232.595,28 €	14,91%	5,0 anos	3%
6	COSMALCA, S.L.	240.495,87 €	12,02%	3,0 anos	2%
7	PONCIANO NIETO, S.L.	259.083,09 €	5,22%	5,0 anos	3%
8	GESTAL Y LÓPEZ, S.L.	235.082,78 €	14,00%	5,0 anos	2%
10	OVIGA, S.L.	235.057,85 €	14,01%	4,0 anos	3%
11	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	222.235,23 €	18,70%	3,0 anos	2%
12	ESPIÑA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.	229.315,05 €	16,11%	5,0 anos	2%
15	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L.	242.463,29 €	11,30%	5,0 anos	2%
16	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L.	242.000,00 €	11,47%	5,0 anos	2%
18	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	248.477,03 €	9,10%	5,0 anos	2%
19	CYS HISPANIA, S.L.	220.365,32 €	19,38%	5,0 anos	3%
20	COPCISA, S.A.	213.569,97 €	21,87%	5,0 anos	3%
23	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	249.105,75 €	8,87%	5,0 anos	2%
24	CANARGA, S.L.	249.842,98 €	8,60%	5,0 anos	2%
25	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	244.677,43 €	10,49%	4,0 anos	2%
26	ANGEL JOVE, S.A.U.	226.499,52 €	17,14%	5,0 anos	2%

<i>Cadro de características</i>	273.352,07 €	0,00%	máx 0,1 anos (1)	máx 2% (1)
---------------------------------	--------------	-------	------------------	------------

(1) sobre o mínimo establecido por lei (1 ano de garantía e 1% de control de calidade)

VALORACIÓN DE OFERTAS

Aplicando os criterios e fórmulas establecidos na cláusula 10.2 do prego de condicións que rexe a licitación, resultan as seguintes puntuacións:

OFERTA ECONÓMICA

Nº DE ORDEN	LICITADOR	VALORACIÓN OFERTA ECONÓMICA		
		PRECIO (sen IVE)	BAIXA	PUNTUACIÓN
2	CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L.	210.481,09 €	23,00%	38,96 pts
3	LA ROSALEDA, S.L.	205.014,05 €	25,00%	40,00 pts
5	EXOGA, S.L.	232.595,28 €	14,91%	35,26 pts
6	COSMALCA, S.L.	240.495,87 €	12,02%	34,10 pts
7	PONCIANO NIETO, S.L.	259.083,09 €	5,22%	31,65 pts
8	GESTAL Y LÓPEZ, S.L.	235.082,78 €	14,00%	34,88 pts
10	OVIGA, S.L.	235.057,85 €	14,01%	34,89 pts
11	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	222.235,23 €	18,70%	36,90 pts
12	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.	229.315,05 €	16,11%	35,76 pts
15	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L.	242.463,29 €	11,30%	33,82 pts
16	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L.	242.000,00 €	11,47%	33,89 pts
18	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	248.477,03 €	9,10%	33,00 pts
19	CYS HISPANIA, S.L.	220.365,32 €	19,38%	37,21 pts
20	COPCISA, S.A.	213.569,97 €	21,87%	38,40 pts
23	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	249.105,75 €	8,87%	32,92 pts
24	CANARGA, S.L.	249.842,98 €	8,60%	32,82 pts
25	CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	244.677,43 €	10,49%	33,52 pts
26	ANGEL JOVE, S.A.U.	226.499,52 €	17,14%	36,21 pts

Cadro de características	273.352,07 €	0,00%	
Importe oferta mais baixa (Ob)	205.014,05 €	25,00%	40,00 pts

OFERTA MELLORAS

Nº DE ORDE N	LICITADOR	VALORACIÓN OFERTA MEILLORAS				
		AMPLIACIÓN GARANTÍA	PUNTUACIÓN PARCIAL	AMPLIACIÓN CONT. CALIDADE	PUNTUACIÓN PARCIAL	PUNTUACIÓN TOTAL
2	CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L.	0,5 anos	1,00 pts	3%	4,00 pts	5,00 pts
3	LA ROSALEDA, S.L.	0,0 anos	0,00 pts	0%	0,00 pts	0,00 pts
5	EXOGA, S.L.	5,0 anos	10,00 pts	3%	4,00 pts	14,00 pts
6	COSMALCA, S.L.	3,0 anos	6,00 pts	2%	4,00 pts	10,00 pts
7	PONCIANO NIETO, S.L.	5,0 anos	10,00 pts	3%	4,00 pts	14,00 pts
8	GESTAL Y LÓPEZ, S.L.	5,0 anos	10,00 pts	2%	4,00 pts	14,00 pts
10	OVIGA, S.L.	4,0 anos	8,00 pts	3%	4,00 pts	12,00 pts
11	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	3,0 anos	6,00 pts	2%	4,00 pts	10,00 pts
12	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.	5,0 anos	10,00 pts	2%	4,00 pts	14,00 pts
15	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L.	5,0 anos	10,00 pts	2%	4,00 pts	14,00 pts
16	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L.	5,0 anos	10,00 pts	2%	4,00 pts	14,00 pts
18	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	5,0 anos	10,00 pts	2%	4,00 pts	14,00 pts
19	CYS HISPANIA, S.L.	5,0 anos	10,00 pts	3%	4,00 pts	14,00 pts
20	COPCISA, S.A.	5,0 anos	10,00 pts	3%	4,00 pts	14,00 pts
23	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	5,0 anos	10,00 pts	2%	4,00 pts	14,00 pts
24	CANARGA, S.L.	5,0 anos	10,00 pts	2%	4,00 pts	14,00 pts

<i>Puntuación máxima posible</i>	<i>máx 5,0 anos (1)</i>	<i>10,00 pts</i>	<i>máx 2% (1)</i>	<i>4,00 pts</i>	<i>14,00 pts</i>
----------------------------------	-------------------------	------------------	-------------------	-----------------	------------------

(1) sobre o mínimo establecido por lei (1 ano de garantía e 1% de control de calidade)

Así, a partir dos resultados obtidos en cada un dos apartados, a puntuación global total é a seguinte (ordéanse os resultados por puntuacións definitivamente obtidas):

Nº DE ORDEN	LICITADOR	VALORACIÓN TOTAL		
		PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN OFERTA MELLORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
20	COPCISA, S.A.	38,40 pts	14,00 pts	52,40 pts
19	CYS HISPANIA, S.L.	37,21 pts	14,00 pts	51,21 pts
12	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.	35,76 pts	14,00 pts	49,76 pts
5	EXOGA, S.L.	35,26 pts	14,00 pts	49,26 pts
8	GESTAL Y LÓPEZ, S.L.	34,88 pts	14,00 pts	48,88 pts
16	2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L.	33,89 pts	14,00 pts	47,89 pts
15	CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L.	33,82 pts	14,00 pts	47,82 pts
18	EXCAVACIONES MIDÓN, S.L.	33,00 pts	14,00 pts	47,00 pts
23	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	32,92 pts	14,00 pts	46,92 pts
11	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	36,90 pts	10,00 pts	46,90 pts
10	OVIGA, S.L.	34,89 pts	12,00 pts	46,89 pts
24	CANARGA, S.L.	32,82 pts	14,00 pts	46,82 pts
7	PONCIANO NIETO, S.L.	31,65 pts	14,00 pts	45,65 pts
6	COSMALCA, S.L.	34,10 pts	10,00 pts	44,10 pts
2	CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L.	38,96 pts	5,00 pts	43,96 pts
3	LA ROSALEDA, S.L.	40,00 pts	0,00 pts	40,00 pts
<i>Puntuación máxima posible</i>		40,00 pts	14,00 pts	54,00 pts

Polo tanto, da aplicación dos criterios de adjudicación establecidos no pregos de condicións que rexe a licitación, a oferta máis vantaxosa resulta a da empresa COPCISA, S.A.

O que se informa segundo a opinión do técnico que subscribe e que en todo caso se somete ao superior criterio da mesa de contratación.

Santiago de Compostela, a 22 de xaneiro de 2014

O Arquitecto Municipal

Asdo.: D. Diego Briega Argomaniz